



**ACORDO INTERPRETATIVO DA ORDE DE 8 DE ABRIL DA 2020 DA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPREGO E INDUSTRIA POLA QUE SE  
DECLARA NON HÁBIL PARA A PRÁCTICA COMERCIAL O VENRES 10 DE  
ABRIL DE 2020**

A Orde do 8 de abril de 2020 da Consellería de Economía, Emprego e Industria polo que se declara non hábil para a práctica comercial o venres 10 de abril de 2020 debe ser interpretada no sentido de que exceptiona a aplicación do apartado cuarto do Acordo do 15 de marzo do Centro de Coordinación Operativa da Situación de Emerxencia Sanitaria no Territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o venres 10 de abril de 2020.

A finalidade da orde é que o día 10 de abril resulten de aplicación as limitacións ordinarias que resultan de aplicación nun festivo normal, no que con arranxo ao réxime legal xeral ordinario os establecementos comerciais con carácter xeral non poden permanecer abertos ao público.

Porén, debe terse en conta a existencia de establecementos con liberdade horaria, aos que non resulta aplicable o réxime de limitacións de apertura en festivos, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

De acordo co indicado, debe interpretarse que a Orde do 8 de abril de 2020 solo se refire aos establecementos non incluídos no indicado artigo 8 da Lei galega. Por tanto, non se ven afectados pola orde, e poden proceder a súa apertura, aqueles establecementos que gozan de liberdade horaria de acordo co indicado artigo 8 da lei galega.



De acordo co exposto, e a efectos aclaratorios, esta dirección xeral formula o seguinte criterio interpretativo da Orde de 8 de abril de 2020:

O día 10 de abril, resultará de aplicación para os establecementos comerciais, cuxa actividade comercial non se atope suspendida polo réxime vixente derivado da declaración do estado de alarma, o artigo 8 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, polo que terán liberdade para abrir, en particular, os establecementos adicados esencialmente a venda de produtos de pastelería, respostería, churrería, pan, pratos combinados, prensa, as chamadas tendas de conveniencia, os establecementos adicados a venda de combustible e carburantes, e os establecementos que dispoñan dunha superficie útil para a exposición e venda ao público de ata 300 metros cadrados que teñan a consideración de peme.

O que se comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2020

A directora xeral de Comercio e Consumo

Sol María Vázquez Abeal